

COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE ABRIL DE 2019

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 8 de marzo de 2019.
2. A seguinte asignación do orzamento correspondente ás axudas do Consello Social para o desenvolvemento de prácticas do alumnado durante o ano 2019:
 - A) Cubrir, ata onde sexa posible, os gastos de desprazamento do alumnado que realizou as prácticas no Parlamento de Galicia e, no seu caso, os gastos de desprazamento e estancia do alumnado que realizará unha visita de estudos prácticos durante unha semana na Audiencia Nacional.
 - B) 500€ como máximo para a actividade do Prof. Dr. Rafael Bellido Penades, Catedrático de Dereito Procesual da Universidade de Valencia.
 - C) 500€ como máximo para a actividade da Prof. Dra. Carmen Otero García-Castrillón, Titular de Dereito internacional privado da Universidade Complutense de Madrid.
 - D) O orzamento restante asignarase ás actividades previstas para fomentar a realización de prácticas externas, emprego e saídas profesionais no ámbito xurídico.
3. Aprobar a solicitude presentada polo alumno D. Iván Fariñas Álvarez e modificar o título da proposta temática do seu Traballo de fin de grao.

Ourense, 8 de abril de 2019



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 5 de abril de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 8 de abril de 2019.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.